



PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021/2022

Orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o **curso 2021-22** (DOG do 20-05-2021)

DESTINATARIOS:

- Fondo solidario de libros: alumnado de 3º e 4º EP
- Axudas para adquirir libros de texto: alumnado de 1º e 2º de EP
- Axudas para adquirir material escolar: alumnado de 1º a 6º de EP

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: modelo de solicitude **ANEXO I e II** dispoñible na aplicación <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>. Dende o centro entregarase unha solicitude a cada unha das familias de PRIMARIA.

A solicitude será **única** para todos/as os/as fillos/as que estean admitidos/as no mesmo centro docente para o curso 2021/22, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.

Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2021/2022, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2020/21.

As solicitudes poderán entregarse a través dos nenos e nenas ao seu titor/a e os martes de 16:15-17:15 en dirección. Ata o 22 de xuño 2021.

O alumnado de 6º de EP deberá presentar a súa solicitude no IES

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

As solicitudes irán acompañadas unicamente da documentación acreditativa cando non autorice a consulta telemática.

No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:

- **DNI** ou **NIE**.
- Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta desta, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2019.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
- Percepción de pensión por **incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)**.
- **Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables**. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2019, poderán acreditar o número de membros utilizando, por exemplo:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde reside a familia.
 - **Violencia de xénero**. Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
 - Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia.

REQUISITOS / OBRIGAS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

- **Devolución dos libros** do curso 2020/2021, excepto o alumnado de 1º e 2º de primaria.
- **Compromiso de conservar os libros en bo estado.**
- **A falta de devolución** dos libros é causa de **exclusión** do fondo solidario e das axudas por adquisición.

ASIGNACIÓN DE LIBROS E CONTÍA DAS AXUDAS:

Renda da unidade familiar do exercicio fiscal **2019**: suma dos recadros **435** e o **460** dividido entre o número de membros computables da unidade familiar.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en **31 de decembro de 2019**.

Fondo solidario de libros de texto (3º e 4º de EP):

- Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000€: **6 libros**
- Alumnado con renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: **4 libros**
- Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65 %: **6 libros** ou **275 €**, con independencia da renda.

Pode solicitar todo o alumnado de 3º e 4º de E.P., os libros dispoñibles repártense entre os admitidos por orde inversa á renda per cápita.

Axudas para adquirir libros de texto (1º e 2º de EP):

- Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: **210 €**
- Alumnado con renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 euros: **140€**
- Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65 % **275 €**, con independencia da renda.

Alumnado con NEAE matriculado en 3º,4º,5º e 6º de E.P.:

- Alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 6000 euros: **210 €**
- Alumnado con renda per cápita superior a 6000 € e igual ou inferior a 10.000 euros: **140€**

Axudas para adquirir material escolar (toda primaria) con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: **50 €**

* O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

O Equipo directivo

Nigrán, 25 de maio de 2021